

# PAPEIS ETSAC

Coia, polígono das Bermudas  
Antón Reixa

4.02 .2020

20—03

Edita

Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña

Campus Universitario de A Zapateira, s/n. 15071


A Coruña

Universidade da Coruña 

© dos textos: Os seus autores

© das fotografías: Os seus autores

*Antón Reixa moi coñecido por toda a súa actividade como escritor (poesía, teatro, narrativa, prensa...) guionista, produtor, director de cinema e posiblemente en maior medida por todo ou que significou Os Resentidos. Realiza en varios textos sobre Coia unha das mellores descrições da transformación da cidade en Galicia Eses textos seguen sendo claves para entender como se segue construíndo e usando a cidade e especialmente as áreas en transformación.*



Coia, polígono das Bermudas.

(Exercicio de redacción sobre o meu barrio)

Se camiñas por Coia, é coma se foses pisando manuais de socioloxía. Televisivamente falando, a cousa vela entre video-clip musical e documental de testemuño.. Non ves Sid Vicious rompendo escaparates e pelo pincho. Non ves así polas boas, xeringa-boys encuestados para “vivir cada día”. Podes ver estudantes de BUP que van e veñen veñen e tropezan indiferentes con amas de casa, moitas amas de casa, cargadas con bolsas, moitas bolsas. Durante o día case nunca ves homes, só estudantes e amas de casa. Boeno, tamén hai pensionistas de ocio pasesiño e birisca.

Desde logo, sempre me deu a impresión de que os clips musicais e os documentais son unha mentira das cousas, unha lencería-engano dos sentidos. Pero, a verdade é que unha noite que chegaba eu moi chupado á casa e gomitaba desde o meu balcón sobre ladridos de cans, puiden ver mesmamente o Thriller de Michael Jackson no cruce de semáforos, pero non eran negros danzando, senón os xitanos, que acampan diante do hiper, invadindo a calzada e cantando cancións de Los Chungitos.

En Coia todo ten o encanto degradado da decadencia das cousas, se obseérvalo barrio entre a néboa de setembro pode parece-lo suburbio onde vivía” a muller cañota” da novela de Peter Handke. Desde algúns edificios tes pola fachada dianteira o mar, o asfalto, o tráfico, a tristeza das grúas que se chaman todas Josefiña. Desde a outra fachada (a traseira) vense leiras de millo e con vacas nun cacho de selva virxe que queda entre Coia e Florida, para dar visions á grada de río en Balaidos e as naves de Citroen, o Galiñeiro fai de horizonte; E unha paisaxe contradictoria e inadaptada.

En Coia case ningún e de Coia nin de Vigo, case chegamos dalgún sitio.. Todo ten un toque alemán de emigrantes chegados de outra emigración. Turcos e galegos en Frankfurt. Ourensans e nativos do Calvario en Coia. No cacho de selva virxe que vexo desde a traseira da miña casa, unha vella ten un alboio de folla

de lata e galiñas e gatos e unhas poucas berzas, bota alí o día todo nunha faena innecesaria e á noite volta ó piso dos seus fillos que fixeron cartos na emigración e agora teñen en Vigo piso, baixo e case seguro que unha tenda de ultramarinos. Trouxérona á forza da aldea.

Pero hai inadaptación inconfesables e moito máis perversas que comezan a ser regredos compartidos: nos pisos prolifera de forma incontrolada a cría de animais domésticos. Primeiro foron galiñas en terrazas e coellos en faiados, pero empeza a haber porcinos nos cuartos de baño pequenos, e despois do porcino axiña pode chega-la moda do vacuno nos pasigos. E autoconsumo e pérvida cripto-zoofilia de consolación para inadaptados. Un cheiro de estrume e fuel de calefacción central sobrevoa os portais de Coia...

Antón Reixa















Escola Técnica Superior de Arquitectura  
Campus Universitario de A Zapateira, s/n. 15071.  
A Coruña